

pola actividade que se pretende establecer, poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expte. 22374/422 e 38590/421).

Vigo, 3 de xaneiro del 2001.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Xabier Toba Girón. 501

---

## EDITO

Supermercados Moldes, S.A., solicita desta Xerencia Municipal de Urbanismo a licencia de obras e de actividades e instalacións, para Supermercado, que se situará na rúa San Roque, 111.

De acordo co artigo 30.2, letra a), do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP), ábrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expte. 22350/422 e 38559/421).

Vigo, 3 de xaneiro del 2001.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Xabier Toba Girón. 492

---

## EDITO

Tomás Gómez Rodríguez, S.L., solicita desta Xerencia Municipal de Urbanismo a licencia de obras e de actividades e instalacións, para fábrica de produtos cárnicos artesanos de pequena capacidade, que se situará na rúa Currás, 24, semisoto e baixo.

De acordo co artigo 30.2, letra a), do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP), ábrese un período de información pública que durará dez días, para que todo aquel que se considere afectado dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poida face-las observacións pertinentes.

O expediente está a disposición do público e pódese consultar durante as horas de oficina no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo (Expte. 22378/422 e 38603/421).

Vigo, 29 de decembro de 2000.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, Xabier Toba Girón. 490

\* \* \*

## P O I O

### A N U N C I O

Apróbanse polo Pleno, en sesión realizada o día 31-10-00, este Regulamento e non presentándose reclamación algunha contra o mesmo durante o prazo de publicación no B.O.P. de 23-11-00, queda aprobado definitivamente, procedéndose á súa publicación.

### REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE POIO

#### DISPOSICIÓN XERAIS

#### ARTIGO 1

O consello Escolar Municipal de Poio, é o órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario na planificación de centros escolares no ámbito municipal de Poio.

#### ARTIGO 2

A finalidade do Consello Escolar Municipal de Poio, será a mellora do ensino non universitario no termo municipal de Poio, desenvolvendo esta finalidade mediante o estudo, asesoramento, presentación de propostas ou realización de consultas á Corporación municipal e Administración Educativa, tratando de acadar a máxima participación dos cidadáns, asociacións e organismos interesados no que os estatutos sociais figuren como obxectivos a programación e planificación educativa.

#### ARTIGO 3. FUNCÍONS.

3.1.—O carácter da entidade participativa na planificación e intervención educativa non universitaria, realizarase por medio das funcións de asesoramento, consulta presentación de proposición e información, nas cuestións seguintes:

Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou calquera outra Administración Pública que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.

Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios, e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.

Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares, coa finalidade de melloralo rendemento educativo e, de se-lo caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal de Poio.

Prioridades nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes.

Fomentos das actividades que tenda a mellora-la calidade educativa especialmente no que respecta á adaptación da programación do ensino ó medio no que se desenvolve.

Competencia educativa que afecte ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.

Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

Na programación de investimentos en materia educativa.

3.2.—O Concello de Poio e a Administración Educativa, consultará ó Consello Escolar Municipal en tódalas cuestións contidas no parágrafo anterior.

3.3.—O consello Escolar Municipal de Poio ó rematar cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación así, como un informe sobre o estado do ensino no municipio de Poio que enviará á Corporación municipal, ou ó Consello Escolar Territorial, se estivera constituído, e no seu defecto ó Consello Escolar de Galicia.

3.4.—O Consello escolar municipal de Poio, poderá elevar á Administración educativa e ó Concello informes ou propostas para mellora-lo funcionamento do sistema educativo.

#### *ARTIGO 4. COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.*

Atendendo ó disposto no artigo 16.1 da Lei 3/86 da Comunidade Autónoma de Galicia, Reguladora dos Consellos Escolares de Galicia, e o Artigo 30 do Decreto 44/88, de 11 de febreiro, o Consello Municipal de Poio, estará composto polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue.

Vicepresidente: elixido polo Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio, entre os seus membros.

Secretario: un funcionario municipal.

Vocais:

1-PROFESORES: Sete profesores dos niveis educativos correspondentes o ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, proporcionalmente a representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente do municipio, distribuídos do seguinte xeito:

Cinco do ensino Público

Dous do ensino Privado

2-PAIS DE ALUMNOS: Catro pais de alumnos propostos polas federacións de pais de alumnos.

3-ALUMNOS: Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.

4-OUTROS MEMBROS: Sete membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación Municipal, de acordo co establecido no Artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 36/1986, do 18 de decembro.

#### *ARTIGO 5. ORGANIZACIÓN.*

O Consello Escolar Municipal de Poio, estruturase en Pleno, Comisión Permanente e, de se-lo caso, nas comisións de traballo que se constituán.

#### *ARTIGO 6.*

O Pleno constituirase polo Presidente, o Vicepresidente o Secretario, e os Vocais do Consello Escolar Municipal de Poio.

Para a súa constitución inicial necesitarase que asistan, polo menos, dous tercios dos membros que compoñen o Pleno.

De non se obter o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días, rexéndose para a súa constitución polo establecido no artigo 9, deste Regulamento.

#### *ARTIGO 7.*

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio deberá reunirse, como mínimo, en sesión ordinaria, e preceptivamente ó comezo e ó remate de cada curso escolar.

Poderá reunirse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o Presidente, ou ben se o solicitan por escrito como mínimo unha terceira parte dos Vocais do Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio.

#### *ARTIGO 8.*

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio, deberá realizarse cunha antelación mínima de 96 horas, acompañada da Orde do Día, na que se fixarán os puntos a tratar.

#### *ARTIGO 9.*

As sesións do Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio, terán lugar en primeira convocatoria, sempre que concorran a maioría absoluta dos membros de dereito, e en segunda convocatoria, media hora despois da anunciada, se asisten, polo menos, o Presidente ou Vicepresidente, o Secretario e un tercio dos Vocais.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes, podendo formularse votos particulares.

Calquera membro do Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio, ten dereito a examinar ou recibir, se así o solicitara, copia das actas e a documentación das Comisións de traballo, do Pleno e da Comisión Permanente.

#### ARTIGO 10.

Serán competencias do Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio:

Debater e aproba-los informes e dictames referidos ós puntos explicitados no artigo 3º do Regulamento.

Elixir ó Vicepresidente do Consello Escolar Municipal de Poio, a proposta do Presidente.

Elixir ós membros da Comisión Permanente.

Ratificar ós Presidentes de cada unha das Comisións de traballo.

Aproba-la memoria anual de actuación do Consello Escolar Municipal de Poio.

Aproba-lo informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

#### ARTIGO 11. COMISION PERMANENTE.

A comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Poio, será elixido polo Pleno do mesmo, e asegurará a representación de tódolos sectores.

Estará formada por: O Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, os Presidentes de cada unha das Comisións de traballo no seu caso, un profesor, un pai de alumnos e un alumno. Reuniranse como mínimo cada tres meses, ou cando o considere pertinente o Presidente, ou dos tercios dos seus membros.

#### ARTIGO 12.

As funcións da Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Poio, serán:

Prepara-la Orde do Día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do Consello.

Prepara-los temas, os informes, as propostas e os dictames para o seu debate polo Pleno do Consello.

Xestiona-los asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.

Coordina-lo labor das Comisións de traballo.

Elabora-la memoria anual de actuación do Consello.

Elabora-lo informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

#### ARTIGO 13. DAS COMISION DE TRABALLO.

O Pleno do Consello Escolar Municipal de Poio, poderá acordar por maioría absoluta dos seus membros, o establecemento de Comisións

de Traballo para o estudo de aspectos concretos dentro do ensino non universitario que poderán reunirse cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

En cada Comisión de Traballo haberá un Presidente, un Secretaria e un mínimo de cinco Vocais.

O pleno do Consello Escolar nomeará ó Presidente de cada Comisión de traballo, a proposta da propia Comisión.

O presidente da Comisión, designará ó Secretario, que realizará a Orde do día e a acta de cada unha das reunións.

#### ARTIGO 14.

Consello Escolar Municipal de Poio, para tratar temas específicos e puntuais poderá solicitar a asistencia de persoas de recoñecida valía con coñecemento nunha materia, ou entidades afectadas nun problema, que terán voz, pero non voto.

#### ARTIGO 15. O PRESIDENTE.

O presidente do Consello Escolar Municipal de Poio terá as seguintes funcións:

A representación oficial do Consello.

Acorda-la convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da Orde do día do Pleno e da Comisión Permanente do Consello, tendo en conta, de se-lo caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

Presidi-las sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

Asegura-lo cumprimento das leis.

Visa-las actas e certificacións de acordos do órgano.

#### ARTIGO 16. O VICEPRESIDENTE.

O Vicepresidente asume as atribucións do Presidente no caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

#### ARTIGO 17. O SECRETARIO.

Serán funcións do Secretario:

Asistir ás reunións con voz pero sen voto.

Efectua-la convocatoria das sesións do Pleno do Consello, por orde do Presidente, así como as citacións ós membros do mesmo cando menos con 96 horas de antelación, segundo a Orde do día que prepare a Comisión Permanente do Consello.

Redactar e autoriza-las actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente do Consello, que serán aprobadas na seguinte reunión.

Expedir certificacións das consultas, dictames e acordos aprobados.

Custodia-las actas.

Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Secretario.

*ARTIGO 18. RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.*

- a) O mandato dos membros do Consello, será de catro cursos académicos.

Serán revogados ouratificados por metade de cada dous cursos, en cada un dos grupos polos que foron elixidos.

- b) Os membros do Consello que o sexan en virtude de representación perderán a condición de tales no momento que cesen como representantes dos seus colectivos.
- c) Os membros do Consello designados por colectivos ou entidades, poderán ser revogados se quen fixo a designación o considera oportuno.

No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo dous meses. O novo membro ou será polo tempo que resta para completa-lo máximo de dous meses. O novo membro será polo tempo que resta para completa-lo mandato.

*ARTIGO 19. SEDES DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL*

A sede e lugar de reunións do Consello Escolar Municipal, e das súas Comisións, serán locais municipais.

*ARTIGO 20. REXIME XURIDICO.*

En todo o non previsto no presente Regulamento, estarase ó disposto na Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, de Consellos Escolares de Galicia, Decreto 44/1988, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e o capítulo II do título II da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en cato se refire ó funcionamento dos órganos colexiados.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e Regulamento aprobado pode interporse recurso contencioso-administrativo, directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende esta publicación, de conformidade co disposto no artigo 17 e 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, de Facendas Locais, e artigo 10.1 b), da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Poio, a 10 de xaneiro de 2001.—O Alcalde, ilexible.

418

**M O S**

**A N U N C I O**

En sesión plenaria de data 13-7-2000 aprobáronse definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias municipais en solo urbán de San Antoiño (parcela 1 ata a 16), polo que en cumprimento do disposto no artigo 48, 2º da Lei 1/97 do Solo de Galicia, procédese a publicación da normativa e ordenanzas da citada publicación, segundo os parámetros do artigo 18 para zona Z3.

Tipo de ordenación: vivenda unifamiliar illada ou pegada de dúas en dúas.

Parcela mínima: 500 m<sup>2</sup>.

Ocupación máxima: 25%.

Altura máxima edificable: 6 m, dúas plantas.

Coefficiente de edificabilidade: 0,8 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>.

Recuamentos á fachada: 5 m.

Recuamentos a lindeiros: 3 m.

Cumprindo tódolos parámetros das zonas planteadas.

Na zona Z-3 baixa, a parcela mínima é de 500 m, co cal o número de vivendas unifamiliares se reduce, con respecto ó planteamento actual, producíndose unha menor densidade da poboación e volume edificatorio que na urbanización de orixe.

Tipoloxía edificatoria.

A tipoloxía das vivendas do planeamento actual consiste en grupos de vivendas pegadas de 6, ata completar un total de 95 vivendas.

A topoloxía do proxecto será a seguinte:

Parte alta, correspondente á zonificación (Z2-A), vivendas unifamiliares pareadas, pegadas dúas a dúas.

Parte baixa, correspondente á zonificación de vivendas unifamiliares illadas.

Con total de 65 vivendas, reducindo o número destas con respecto ó planeamento actual.

Nova parcelación.

No planeamento actual consta de 16 parcelas, da 1 ata a 16, ambas incluídas.

En proxecto realizamos 65 parcelas, 40 na zona (Z2-A) e 25 na zona (Z3).

Apertura de nova vía.

Que divide físicamente o terreo en dúas partes, o cal implica dúas zonificacións diferentes.

A vía proxectada terá 4,50 m de calzada e 1,80 m de beirarrúa por cada lado, para dar cumprimento a artigo 6 do anexo da Lei 8/1997. O sentido da circulación será único e indicado no plano da rede viaria.